


GUÍA DE USO DE *PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA*

Sistema de consultas

Para realizar unha busca no PLG podemos optar por dúas vías:


- 1) Seleccionar un campo semántico e a continuación escoller o concepto que nos interesa entre a listaxe que se ofrece para cada campo, ordenada alfabeticamente, tal e como se mostra nas figuras 1 e 2:



The image shows a web interface with a dropdown menu titled 'Campos semánticos'. The menu is open, displaying a list of semantic fields. The first option is 'Selecciona un campo'. Below it are numbered options: '1 Universo', '2 Terra e auga', '3 Agricultura', '4 Plantas', '5 Animais domésticos e gandería', '6 Animais silvestres' (which is highlighted in blue), '7 Ser humano', '8 Vida cotiá', and '9 Medición e espazo'.

Campos semánticos	
Selecciona un campo	
Selecciona un campo	
1	Universo
2	Terra e auga
3	Agricultura
4	Plantas
5	Animais domésticos e gandería
6	Animais silvestres
7	Ser humano
8	Vida cotiá
9	Medición e espazo

Figura 1. Selección dun campo semántico



The image shows the same web interface, but now the 'Campos semánticos' dropdown is closed and shows '6 Animais silvestres'. Below it, a new dropdown menu titled 'Conceptos' is open. It shows a list of concepts. The first option is 'porco teixo'. Below it are: 'mexillón', 'muxe', 'nécora', 'ollomol', 'pancho', 'paporroibo', 'paspallás', 'peixe sapo', 'pescada', 'pescada pequena', 'porco teixo' (highlighted in blue), 'saltón', and 'sardiña'.

Campos semánticos	
6 Animais silvestres	
Conceptos	
porco teixo	
mexillón	
muxe	
nécora	
ollomol	
pancho	
paporroibo	
paspallás	
peixe sapo	
pescada	
pescada pequena	
porco teixo	
saltón	
sardiña	

Figura 2. Selección dun concepto asociado a un campo semántico

- 2) Seleccionar un concepto sen facer unha escolla previa de campo semántico, tal e como se mostra na figura 3. Os conceptos, de igual xeito ca no caso anterior, aparecen ordenados alfabeticamente:

Campos semánticos

Selecciona un campo

Conceptos

Selecciona un concepto

paspallás

pataca

pebida (uva)

peixe sapo

pescada

pescada pequena

porco

porco teixo

queixo

rabela

regueiro

rellá

romeu

Figura 3. Selección dun concepto sen filtraxe previa por campo semántico

Os campos semánticos e os conceptos poden consultarse en versión galega ou portuguesa. A lingua selecciónase na parte superior dereita da páxina:

Campos semánticos	Campos semânticos
6 Animais silvestres	6 Animais bravios
Conceptos	Conceitos
porco teixo barbantesa berberecho bocareu boi de mar bolboreta bubela cadela de frade cágado caramuxo cempés coello bravo donicela escáncer escornaboís furón gaivota garduña gato montés grilo hipocampo	alfaíate bicha-cadela biqueirão borboleta caramujo carapau carapau pequeno cavalo-marinho centopeia codorniz coelho bravo doninha enguia furão gafanhoto gaivota gardunha gato-bravo gineta girino

Figura 4. Conceptos en galego e portugués

Unha vez seleccionado o concepto, a aplicación ofrece unha listaxe de lemas que se empregan para expresar ese concepto na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ou nos territorios galegófonos de Asturias e de Castela e León, así como a súa distribución no mapa correspondente:




Figura 5. Resultado da busca polo concepto 'porco teixo'

Resultados da busca: a relación de lemas

A listaxe de lemas desprégase baixo o concepto, con indicación do número de lemas diferentes rexistrados (7 na figura 6). Os lemas ordénanse por frecuencia, tomando como referencia o número de concellos en que aparece cada un deles. Este dato numérico ofrécese á dereita do lema, en fondo gris. Así, por exemplo, o lema PORCO TEIXO figura en 20 concellos mentres que o lema TEIXÓN só figura nun. Cando o número de concellos coincide a ordenación é alfabética (MELANDRO, PORCO, TEIXÓN).




Figura 6. Lemas que resultan da busca polo concepto 'porco teixo'

Se prememos sobre o citado dato numérico, en fondo gris, ábrese un despregable que nos indica cales son as variantes asociadas a ese lema, con indicación do número de veces que se rexistra cada unha delas, tal e como se pode comprobar na figura 7 (18 exemplos de *porco teixo*, grafado separadamente, e 2 de *porcoteixo*, con escritura conxunta). Para os conceptos de lema e variante, remitimos ao exposto no apartado en que se describe o proxecto (Que é o PLG?).

Campos semánticos	Conceptos	Lemas	Variantes
6 Animais silvestres	porco teixo	☒ po ☒ tei ☒ tourón/tourão ☒ teixo ☒ melandro ☒ porco ☒ teixón	- porco teixo (18) - porcoteixo (2)

Figura 7. Variantes asociadas ao lema *porco teixo*

A suma das variantes non ten por que coincidir co número de concellos. Isto é debido a que nun mesmo municipio pode aparecer máis dunha variante, tal e como ocorre, por exemplo, cos lemas TEIXUGO / TEXUGO. Neste caso, no concello de Verín figuran rexistradas dúas variantes diferentes (*tenxugho* e *teixugo*), o que determina que o número de variantes (14) sexa superior ao número de concellos (13).

Campos semánticos	Conceptos	Lemas	Variantes
6 Animais silvestres	porco te	☒ porco ☒ teixu ☒ tour ☒ teixo ☒ mela ☒ porco ☒ teixón	- teixugo (5) - teixugo (4) - teixujo (2) - tanxujo (1) - teixugho (1) - tenxugho (1)

Figura 8. Variantes asociadas aos lemas *teixugo* / *texugo*

Tal e como se pode observar na figura 6, existen certos lemas que figuran vinculados mediante unha barra (por exemplo, TEIXUGO e TEXUGO ou TOURÓN e TOURÃO). Trátase de lemas galegos e portugueses que son variantes fónicas ou gráficas entre si e que, por tal motivo, se asocian. Nestes casos, cando unha mesma variante se vincula a ambos os dous lemas, esta forma aparece desdobrada no despregable, con indicación por separado do número de variantes galegas e do número de variantes portuguesas. É o que sucede coa variante *teixugo* na figura 8, con 5 variantes galegas (correspondentes ao lema TEIXUGO) e 4 portuguesas (correspondentes ao lema TEXUGO).

Tal e como pode comprobarse nos exemplos anteriores, cada lema asóciase cun símbolo que serve para representalo no mapa que se xera con cada busca. Os símbolos diferéncianse entre si por unha combinación de cores e letras, ordenadas estas últimas do A ao Z, desde a forma máis frecuente (A) á menos frecuente (Z) (lémbrese que en caso de igual frecuencia, o segundo criterio de ordenación é o alfabético). Estas letras son maiúsculas, pero se hai máis de 26 lemas comeza unha nova serie do *a* ao *z*, malia que desta vez con letras minúsculas, tal e como se pode comprobar na figura 9:




Figura 9. Símbolos asociados aos lemas

Resultados da busca: o mapa

Na parte esquerda da pantalla encontramos a distribución cartográfica dos lemas, representados polos símbolos que acabamos de comentar, tal e como se observa na figura 10:




Figura 10. Distribución xeográfica do concepto 'porco teixo' na Eurorrexión

Nótese que os lemas galegos e portugueses vinculados (por exemplo, TEIXUGO / TEXUGO, identificados coa letra B) teñen asignado o mesmo símbolo no mapa, para deste xeito poder observar a súa distribución xeográfica a través da Eurorrexión, con independencia das fronteiras políticas que dividen Galicia e Portugal.

Se prememos en calquera dos símbolos atoparemos información sobre o concello, sobre cal é o lema (figura 11) ou os lemas (figura 12) que se rexistran nel, así como sobre as súas variantes, situadas embaixo cun tamaño de letra algo menor. Os lemas e variantes que figuran neste despregable conteñen un hipervínculo que conduce ás entradas correspondentes no TLPGP, onde se pode encontrar a fonte dos datos léxicos e outras informacións asociadas.




Figura 11. Información sobre concellos, lemas e variantes no mapa (I)




Figura 12. Información sobre concellos, lemas e variantes no mapa (II)

A información numérica que figura no despregable do mapa é a mesma que xa comentamos previamente ao tratar os despregables asociados aos lemas. A cifra sobre fondo gris indica o número de concellos en que figura o lema, mentres que a cifra que aparece á dereita de cada variante sinala o número de veces que tal variante figura no mapa. Se unha mesma variante se

asocia a lemas galegos e portugueses diferentes (*teixugo* a TEIXUGO e a TEXUGO), o cómputo realízase separadamente (5 casos da variante *teixugo* en concellos galegos, 4 en concellos portugueses), tal como se pode observar nas figuras 13 e 14.




Figura 13. Indicación do número de variantes de TEIXUGO nos municipios de fala galega




Figura 14. Indicación do número de variantes de TEXUGO nos municipios portugueses

Nestas imaxes vemos que algúns símbolos , destacados na figura 15, teñen un tamaño lixeiramente maior ca os demais e un borde punteado.




Figura 15. Símbolos con formato especial

Este formato dá conta de que no concello correspondente se rexistra máis dun lema, tal e como podemos comprobar na figura 12, que reproducimos a seguir:




Figura 16. Concellos con máis dun lema asociado

En casos coma estes, a aplicación representa sempre no mapa a forma máis frecuente (neste mapa PORCO TEIXO, pois figura en máis concellos ca TEIXO), pero ao mesmo tempo está avisando de que nese municipio existen máis lemas ca o representado mediante o símbolo visible no mapa.

A manipulación dos mapas

Na listaxe de lemas a persoa usuaria ten a posibilidade de ocultar ou facer visibles os símbolos do mapa. Para isto debe premer na casíña que figura por riba da devandita listaxe (seleccionanse ou deseleccionanse todos os lemas) ou ben nas que preceden a cada un deles. Así, por exemplo, na figura 17 deseleccionamos os lemas PORCO TEIXO e TEIXUGO / TEXUGO, o que fai emerxer formas que estaban agachadas baixo eles:




Figura 17. Deselección de lemas

Por outro lado, a persoa usuaria pode estar interesada en adaptar o mapa ás súas necesidades nun sentido diferente ao anterior. Por exemplo, podería querer marcar coa mesma cor todas as formas que se empregan para designar o *Meles meles* e que fan referencia á cor teixa (figura 19). Premendo nos símbolos que figuran á dereita de cada lema, pode seleccionar outras cores ou outras formas para confeccionar o mapa que lle interesa.




Figura 18. Modificación dos símbolos preestablecidos




Figura 19. Modificación dos símbolos preestablecidos para o concepto 'porco teixo'

Descarga de mapas e datos

A persoa usuaria pode descargar e gardar o mapa (en formato .png) premendo na barra que figura baixo os lemas, así como descargar os datos nun arquivo csv (en folla de cálculo).

The screenshot shows the same sidebar as Figure 19, but with two buttons at the bottom: 'Gardar mapa' and 'Descargar datos'. Both buttons are circled in blue.

Figura 20. Descarga do mapa e dos datos

En ambos os dous casos, a información que se ofrece corresponde coa que se está visualizando nese momento, de xeito que se algúns lemas están deseleccionados, estes non se verán no

mapa descargado nin tampouco figurará a información correspondente na táboa xerada. Como se pode observar na figura 21, os datos que se descargan nesta táboa son os lemas coas variantes asociadas, con indicación, no campo Orde, do número de variantes diferentes correspondentes a cada lema (2 para PORCO TEIXO, 6 para TEIXUGO / TEXUGO, 3 para TOURÓN / TOURÃO...), os códigos correspondentes aos concellos (Localización), o nome destes (Concellos) e o número de casos para cada variante (Ocorrencias).

	A	B	C	D	E	F
1	Lema	Orde	Variante	Localizacións	Concellos	Ocorrencias
2	porco teixo	1	porco teixo	15032, 15085	Curtis, Tourc	18
3	porco teixo	2	porcoteixo	27021, 33074	Xermade, Ve	2
4	teixugo/textu	1	teixugo	32049, 36007	Montederrar	5
5	teixugo/textu	2	teixugo	1601, 1302, 1	Arcos de Val	4
6	teixugo/textu	3	teixujo	36026, 15071	Marín, Porto	2
7	teixugo/textu	4	tanxujo	36054	Tomiño	1
8	teixugo/textu	5	teixugho	32028	Cualedro	1
9	teixugo/textu	6	tenxugho	32085	Verín	1
10	tourón/tourã	1	tourón	36059, 32030	Vila de Cruce	5
11	tourón/tourã	2	turón	27045, 27018	Pedrafita do	3
12	tourón/tourã	3	tourão	409	Torre de Moi	1
13	teixo	1	teixo	32049, 27011	Montederrar	8
14	melandro	1	melandro	27018	A Fonsagrada	1
15	porco	1	porco	27065	Vilalba	1
16	teixón	1	teixón	15003	Aranga	1

Figura 21. Descarga de datos para o concepto 'porco teixo'